

---

# NUNÚ NO XARDÍN

Texto de CALLY STRONK

Ilustracións de CONSTANZE v. KITZING

Adaptación de XOSÉ BALLESTEROS

---

Cartón. 16 x 16 cm. 14 páx. 7 €.

**Nunú no xardín** (galego)  
ISBN 978-84-8464-340-1. Duros.

**Nunú en el Jardín** (castelán)  
ISBN 978-84-8464-341-8. Duros.

**Nunú al Jardí** (catalán)  
ISBN 978-84-16804-33-7. Cartró.

**Nunu passela** (portugués)  
ISBN 978-989-749-090-3. Cartonados.

**Nunù va a spasso** (italiano)  
ISBN 978-88-95933-80-1. Cartonati.

**Nunu's walk** (inglés)  
ISBN 978-84-8464-342-5. Hard boarded.

*NUNÚ SENTE A CALOR  
QUE LLE REGALA O SOL.  
NUNÚ PROBA AMODO  
O DOCE AMORODO...*

“Nunú no xardín” forma parte dunha serie de libros de cartón cos cantos romos para pre-lectores e primeiros lectores. Neste volume o elefante protagonista experimenta cos cinco sentidos a través da natureza: a calor do sol, o sabor dos froitos, o rechouchío dun paxaro, o arrecendo das flores, o colorido do arco da vella.


Con letras maiúsculas a partir de textos breves e sinxelos de Cally Stronk, Xosé Ballesteros realiza a adaptación elaborando frases rimadas de dous versos en cada dobre páxina. Así, o ritmo e a musicalidade están presentes de principio a fin.

As ilustracións de Constanze v. Kitzing representan figuras recoñecibles e de contornos definidos, con cores suaves sobre fondos neutros. A expresividade e o dinamismo de Nunú transmite emocións positivas: curiosidade ante a contorna que o rodea, agrado coas sensacións que experimenta, ledicia en cada descubrimento.

---

www.kalandraka.com  
comunicacion@kalandraka.com

---



- **Temática:** os sentidos.
- **Idade recomendada:** pre-lectores de 0 a 3 anos, primeiros lectores.
- **Aspectos destacables:** coñecemento da contorna, natureza, sensacións, emocións; das autoras de “Nunú xoga”; da ilustradora de “Gatiño e o balón”, “Gatiño e a neve” e “Gatiño e as vacacións” (KALANDRAKA).

## Cally Stronk

(Bonn, 1977)

Estudou Comunicación social e económica na Universidade de Artes de Berlín. Traballou en varias editoriais alemáns, ademais de colaborar co colectivo artístico Atelier Flora. Dende 2011 publicou varios libros infantís cos que recibiu distincións como o Premio Communication Design Award 2012. A súa obra figura nas listas Die Kinder-und Jugendbuchliste e The White Ravens. É directora de proxectos da canle informativa sobre o mundo do libro Friedrich&Freunde. Tamén é directiva da Asociación de Escritores Alemáns.

<http://callystronk.blogspot.com>

## Constanze v. Kitzing

(Göttingen, 1980)

Estudou Ilustración na Universidade de Ciencias Aplicadas de Hamburgo, na Escola de Arte e Deseño de Minneapolis (Estados Unidos) e na Universidade de Weimar (Bauhaus). Participa en talleres creativos e publicou en varias editoriais europeas. Ademais de ilustradora, tamén é deseñadora da revista Der Spiegel. A súa obra foi seleccionada para a Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña 2010. Foi distinguida nos premios 3x3 Children's Show 2011 (EEUU) e CJ Picture Book Award 2011 (Corea).

<http://www.constanzevonkitzing.de>

